

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

**1135** *Real decreto 46/2021, do 26 de xaneiro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social, das pensións de clases pasivas e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2021.*

A Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, contén, dentro do seu título IV, os criterios de revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social para o dito exercicio, e prevé a súa revalorización nun 0,9 por cento.

De acordo con tales previsións legais, este real decreto establece unha revalorización xeral das pensións e outras prestacións aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como de clases pasivas do Estado, do 0,9 por cento, e a porcentaxe é do 1,8 por cento no caso das pensións non contributivas. Así mesmo, queda suspendida a aplicación do disposto no artigo 58 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e no artigo 27 do texto refundido de Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, de conformidade coa disposición adicional cuadraxésimo oitava da Lei 11/2020, do 30 de decembro.

Igualmente, fíxase unha revalorización do 0,9 por cento das contías mínimas das pensións de clases pasivas e das pensións do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, así como das pensións non concorrentes do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.

Tamén se fixan neste real decreto as regras e o procedemento para efectuar a revalorización e o sistema de recoñecemento de complementos por mínimos nas pensións de clases pasivas e nas pensións da Seguridade Social.

En definitiva, mediante este real decreto dáse cumprimento a través das mencionadas medidas a aquelas previsións legais, para facilitar a súa rápida aplicación en beneficio dos colectivos afectados.

Como novidade, este real decreto establece que o órgano competente para o recoñecemento do dereito á revalorización e os complementos por mínimos das pensións de clases pasivas que procedan en aplicación do disposto nel é a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, até que se produza a total asunción da xestión do réxime de clases pasivas do Estado polo Instituto Nacional da Seguridade Social, de acordo co previsto na disposición transitoria segunda, número 7, do Real decreto 497/2020, do 28 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Este cambio nas competencias para a xestión do réxime de clases pasivas do Estado, que tradicionalmente viña xestionando o Ministerio de Facenda, iníciase en virtude do Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, que no seu artigo 22.1 atribúe ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións a proposta e execución da política do Goberno en materia de seguridade social e clases pasivas.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, é respectuoso cos principios de necesidade e eficacia, por canto persegue un claro obxectivo baseado nunha razón de interese xeral, o incremento, con carácter xeral, do 0,9 por cento das pensións e outras prestacións públicas, mediante o desenvolvemento regulamentario das previsións contidas na Lei 11/2020, do 30 de decembro.

En virtude do principio de proporcionalidade, o real decreto contén a regulación imprescindible para a consecución do obxectivo anteriormente mencionado e non se trata dunha norma restritiva de dereitos ou que impoña obrigacións ás persoas interesadas.

Así mesmo, a iniciativa é coherente co resto do ordenamento xurídico tanto nacional como da Unión Europea. En materia de procedemento administrativo, a iniciativa normativa non establece trámites adicionais ou distintos aos recollidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, polo que se axusta ao principio de seguridade xurídica.

En relación co principio de eficiencia, o real decreto non supón a imposición de novas obrigacións ou cargas administrativas para os cidadáns e cidadás, nin ningunha utilización adicional de recursos públicos.

En aplicación do principio de transparencia, defínense claramente os obxectivos da iniciativa normativa e xustifícanse neste preámbulo.

No seu proceso de tramitación, o real decreto, de acordo co establecido no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, someteuse ao trámite de audiencia e información pública, mediante a súa publicación no portal web do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e de consulta directa ás organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas. Na súa tramitación emitiron informe os distintos órganos e entidades do departamento, así como o Ministerio de Facenda e o Instituto de Maiores e Servizos Sociais a través do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

Por último, o real decreto dítase en aplicación da habilitación contida na disposición derradeira cuadraxésimo sétima da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, que faculta o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da dita lei, e do artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xaneiro de 2021,

DISPOÑO:

## TÍTULO PRELIMINAR

### Obxecto

Artigo 1. *Obxecto.*

Mediante este real decreto procédese ao desenvolvemento e execución das previsións contidas, en materia de revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social, das pensións de clases pasivas e doutras prestacións sociais públicas, na Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

## TÍTULO I

### Pensións do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva

#### CAPÍTULO I

#### Normas comúns

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O establecido neste título será de aplicación ás pensións de incapacidade permanente, xubilación, viuvez, orfandade e en favor de familiares do sistema da

Seguridade Social na súa modalidade contributiva, sempre que se causasen con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2021.

2. As pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez rexeranse polas normas específicas contidas nos artigos 8 e 13.

3. Quedan excluídos do disposto no número 1 os réximes especiais das Forzas Armadas, de funcionarios civís da Administración do Estado e dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza.

## CAPÍTULO II

### Revalorización de pensións non concorrentes

#### Sección 1.<sup>a</sup> Pensións do sistema

##### Subsección 1.<sup>a</sup> Normas xerais

#### Artigo 3. *Importe da revalorización.*

1. As pensións comprendidas no número 1 do artigo anterior, causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 e non concorrentes con outras, revalorizaranse o 0,9 por cento.

2. O importe da pensión, unha vez revalorizada, estará limitado á cantidade de 2.707,49 euros, entendendo esta cantidade referida ao importe dunha mensualidade ordinaria, sen prexuízo das pagas extraordinarias que poidan corresponder. O dito límite mensual será obxecto de adecuación naqueles supostos en que a persoa pensionista teña dereito a percibir menos ou máis de 14 pagas ao ano, comprendidas nun ou noutro caso as pagas extraordinarias, para os efectos de que a contía poida alcanzar ou non supere, respectivamente, 37.904,86 euros, en cómputo anual.

3. As pensións que excedan 2.707,49 euros mensuais non se revalorizarán, salvo o sinalado no número 2.

4. A revalorización das pensións de grande invalidez efectuarase aplicando as regras previstas no número 1 de maneira separada á pensión e ao complemento.

Para os efectos do límite máximo sinalado no número 2, computarase unicamente a pensión sen complemento.

5. A contía da pensión de xubilación compatible co traballo prevista no artigo 214 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, non poderá ser superior ao 50 por cento do límite máximo sinalado no número 2, salvo no caso en que, conforme o citado artigo 214, se compatibilice a percepción do cen por cento da pensión de xubilación coa realización dunha actividade por conta propia. Neste último caso, aplicarase á pensión o límite máximo previsto no número 2 na súa integridade.

#### Artigo 4. *Aplicación da revalorización.*

A revalorización aplicarase ao importe mensual que tivese a pensión de que se trate o 31 de decembro de 2020, excluídos os conceptos que a continuación se enumeran:

a) Os complementos recoñecidos para alcanzar os mínimos establecidos con anterioridade.

b) A recarga de prestacións económicas por falta de medidas de seguridade e saúde no traballo.

c) As percepcións de rendas temporais por cargas familiares e a indemnización suplementaria para a provisión e renovación de aparellos de próteses e ortopedia, no suposto de pensións do extinguido seguro de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Subsección 2.<sup>a</sup> Complementos por mínimosArtigo 5. *Complementos por mínimos das pensións contributivas.*

O importe das pensións non concorrentes, unha vez revalorizadas, de acordo co disposto na subsección anterior, complementarase, se for o caso, na contía necesaria para alcanzar as contías mínimas que se reflicten no anexo.

Artigo 6. *Límite de ingresos e outros requisitos.*

1. Os complementos por mínimos non teñen carácter consolidable e serán absorbibles con calquera incremento futuro que poidan experimentar as percepcións da persoa interesada, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico que dean lugar á concorrencia de pensións, que se regula no seguinte capítulo. Neste último suposto, a absorción do complemento por mínimos terá efectos desde o día primeiro do mes seguinte á data da resolución de recoñecemento da nova pensión.

2. Os complementos por mínimos serán incompatibles coa percepción polo ou pola pensionista de rendementos do traballo, do capital ou de actividades económicas e ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para as ditas rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas e computados conforme o artigo 59 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

3. Cando a suma, en cómputo anual, dos rendementos referidos no número anterior e os correspondentes á pensión resulte inferior á suma de 7.707,00 euros máis o importe, tamén en cómputo anual, da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades en que se devindica a pensión.

4. Entenderase que concorren os requisitos indicados nos números anteriores cando a persoa interesada manifieste que vai percibir durante 2021 rendementos, computados na forma sinalada no número 2, por contía igual ou inferior a 7.707,00 euros.

As persoas pensionistas que ao longo do exercicio 2021 perciban rendas acumuladas superiores ao límite a que se refire o número anterior estarán obrigadas a comunicar tal circunstancia ás entidades xestoras no prazo dun mes desde que se produza.

Para acreditar as rendas e ingresos, as entidades xestoras da Seguridade Social poderán en todo momento requirir ás persoas receptoras de complementos por mínimos unha declaración destes, así como dos seus bens patrimoniais e, se for o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

Cando a pensión recoñecida sexa complementada no importe necesario para alcanzar as contías mínimas fixadas no anexo e se comprabe posteriormente que os rendementos percibidos polo ou pola pensionista durante o ano de 2021, en cómputo anual e independentemente da data da súa percepción e de que este fose periódico ou en pagamento único, superaron o límite previsto neste artigo, os importes aboados en concepto de complemento por mínimos durante todo o ano natural terán a consideración de indebidamente percibidos. Non impedirá a dita consideración que se cumprise a obrigación prevista no parágrafo segundo.

5. No mínimo asignado ás pensións de grande invalidez están comprendidos os dous elementos que integran a pensión a que se refire o artigo 3.4.

6. Con respecto ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013, para ter dereito ao complemento para alcanzar a contía mínima das pensións será necesario residir en territorio español nos termos previstos no artigo 59.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. Para as pensións causadas a partir da indicada data, o importe dos ditos complementos en ningún caso poderá superar a contía establecida en cada exercicio para as pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva.

7. Cando a pensión de orfandade causada a partir do 1 de xaneiro de 2013 se incremente na contía da pensión de viuvez, o límite da contía dos complementos por

mínimos só quedará referido ao da pensión de viuvez que xere o incremento da pensión de orfandade.

8. As persoas pensionistas de grande invalidez que teñan recoñecido o complemento destinado a remunerar a persoa que as atenda non resultarán afectadas polo límite cuantitativo establecido no número 6.

9. Cando o complemento por mínimos de pensión se solicite con posterioridade ao recoñecemento desta, producirá efectos a partir dos tres meses anteriores á data da solicitude, sempre que naquel momento se reúnan todos os requisitos para ter dereito ao mencionado complemento.

*Artigo 7. Complementos por mínimos en función das diferentes modalidades de convivencia e dependencia económica.*

1. Considerarase que existe cónxuxe a cargo da persoa titular dunha pensión, para os efectos do recoñecemento das contías mínimas establecidas no anexo, cando aquel ou aquela estea convivindo coa persoa pensionista e dependa economicamente dela.

Salvo no caso de separación xudicial, presumirase a convivencia sempre que se conserve o vínculo matrimonial, sen prexuízo de que esa presunción poida destruírse pola actividade investigadora da Administración.

Así mesmo, entenderase que existe dependencia económica do cónxuxe cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que o cónxuxe da persoa pensionista non sexa, pola súa vez, titular dunha pensión a cargo dun réxime básico público de previsión social, entendendo comprendidos no dito concepto as pensións recoñecidas por outro Estado, así como os subsidios de garantía de ingresos mínimos e por axuda de terceira persoa, ambos previstos no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e as pensións asistenciais reguladas na Lei 45/1960, do 21 de xullo, pola que se crean determinados fondos nacionais para a aplicación social do imposto e do aforro.

b) Que os rendementos por calquera natureza da persoa pensionista e do seu cónxuxe, computados na forma sinalada no número 2 do artigo anterior, resulten inferiores a 8.990,00 euros anuais.

Cando a suma, en cómputo anual, dos rendementos referidos no parágrafo anterior e do importe, tamén en cómputo anual, da pensión que se vaia complementar resulte inferior á suma de 8.990,00 euros e da contía anual da pensión mínima con cónxuxe a cargo de que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades que corresponda.

2. Considerarase que existe cónxuxe non a cargo da persoa titular dunha pensión, para os efectos do recoñecemento das contías mínimas establecidas no anexo, cando aquel ou aquela estea convivindo coa persoa pensionista e non dependa economicamente dela nos termos previstos no número anterior.

3. Considerarase que a persoa pensionista constitúe unha unidade económica unipersoal, para os efectos da aplicación do previsto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social, cando, acreditando dereito a complemento por mínimos en atención aos seus ingresos, conforme o disposto no artigo anterior, non se encontre comprendido en ningún dos supostos previstos nos números anteriores.

4. Con respecto ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013, para ter dereito ao complemento para alcanzar a contía mínima das pensións, será necesario residir en territorio español, de acordo co disposto no artigo 59.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. Cando exista cónxuxe a cargo do ou da pensionista, o importe de tales complementos non poderá superar a contía que correspondería á pensión non contributiva por aplicación do establecido no artigo 364.1.a) do texto refundido da Lei xeral

da seguridade social para as unidades económicas en que concorran dúas persoas beneficiarias con dereito a pensión.

5. As persoas perceptoras de complementos por mínimos con cónxuxe a cargo virán obrigadas a declarar, dentro do mes seguinte ao momento en que se produza, calquera variación do seu estado civil que afecte a dita situación, así como calquera cambio na situación de dependencia económica do seu cónxuxe.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo precedente, as entidades xestoras da Seguridade Social poderán solicitar, en calquera momento, os datos identificativos do cónxuxe, así como declaración dos ingresos que perciban ambos os cónxuxes.

6. A perda do dereito ao complemento por mínimos con cónxuxe a cargo terá efectos a partir do día 1 do mes seguinte a aquel en que cesen as causas que deron lugar ao seu recoñecemento, salvo nos supostos en que a dita perda sexa debida á superación durante 2021 dos rendementos a que se refire o número 1.b), caso en que será de aplicación o previsto no último parágrafo do artigo 6.4.

7. A omisión por parte das persoas beneficiarias do cumprimento do disposto no artigo 6.4 e no número 5 deste artigo será constitutiva de infracción, a teor do disposto na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez*

*Artigo 8. Revalorización das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.*

1. A revalorización das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non concorrentes con outras pensións públicas, calquera que sexa a data do feito causante, consistirá na diferenza entre o importe da pensión en 31 de decembro de 2020 e a contía de 6.183,80 euros, en cómputo anual.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, non se considerarán pensións concorrentes as prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, pola que se recoñece unha prestación económica aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que viviron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional, nin as pensións percibidas polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que fose a lexislación reguladora, nin o subsidio por axuda de terceira persoa previsto no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nin as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

Cando, para o recoñecemento dunha pensión do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, se totalizasen períodos de seguro ou de residencia cumpridos noutros países vinculados a España por norma internacional de Seguridade Social que preveña a dita totalización, o importe da pensión rateada a cargo de España non poderá ser inferior a 3.091,90 euros en cómputo anual.

Esta mesma garantía aplicarase en relación coas persoas titulares doutras pensións distintas das do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez que opten por algunha destas pensións, sempre que na data do feito causante da pensión que se veña percibindo reunisen todos os requisitos exixidos polo dito seguro.

2. A revalorización establecida no número anterior non ten carácter consolidable.

## CAPÍTULO III

### Concurrencia de pensiones

#### Sección 1.<sup>a</sup> Normas comúns

##### Artigo 9. *Concurrencia de pensiones.*

1. Para os efectos do establecido neste título, entenderase que existe concurrencia de pensiones cando unha mesma persoa beneficiaria teña recoñecida ou se lle recoñeza máis dunha pensión a cargo dalgunha das seguintes entidades e organismos:

a) As aboadas polo réxime de clases pasivas do Estado e, en xeral, as aboadas con cargo a créditos da sección 07 do orzamento de gastos do Estado.

b) As aboadas polo réxime xeral e os réximes especiais da Seguridade Social, as da modalidade non contributiva da Seguridade Social, as prestacións económicas por anciandade e incapacidade a favor das e dos españois residentes no exterior e as pensiones asistenciais por anciandade para españois de orixe retornados.

c) As aboadas polos fondos especiais da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, do Instituto Social das Forzas Armadas e da Mutualidade Xeral Xudicial ou polas propias mutualidades citadas, así como as aboadas polo Fondo Especial do Instituto Nacional da Seguridade Social.

d) As aboadas polos sistemas ou réximes de previsión das comunidades autónomas e das corporacións locais e polos propios entes.

e) As aboadas polas mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social que se financien en todo ou en parte con recursos públicos.

f) As aboadas por empresas ou sociedades con participación maioritaria, directa ou indirecta, no seu capital do Estado, das comunidades autónomas ou das corporacións locais ou dos organismos autónomos dun e doutras, ben directamente ou mediante a subscripción da correspondente póliza de seguro cunha institución distinta, calquera que sexa a natureza xurídica desta ou ben polas mutualidades ou entidades de previsión daquelas, nas cales as achegas directas das persoas causantes da pensión se complementen con recursos públicos, incluídos os da propia empresa ou sociedade.

g) As aboadas pola Administración do Estado ou polas comunidades autónomas en virtude da Lei 45/1960, do 21 de xullo, e do Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo, polo que se regula a concesión de axudas do Fondo Nacional de Asistencia Social a anciáns e a enfermos ou inválidos incapacitados para o traballo, así como os subsidios económicos de garantía de ingresos mínimos e de axuda por terceira persoa, a que se refire a disposición transitoria única do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

h) Calquera outra non enumerada nos parágrafos anteriores, que se aboe total ou parcialmente con cargo a recursos públicos.

2. Non obstante, como excepción ao previsto no número anterior, non terán a consideración de pensiones públicas nin, por tanto, se computarán para efectos da limitación do sinalamento inicial ou da fixación da contía máxima de percepción das pensiones públicas as aboadas a través de plans de pensiones de emprego ou contratos de seguro colectivo, incluídos os formalizados por mutualidades de previsión social empresarial, promovidos polas administracións, organismos, entidades e empresas a que se refire a disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensiones, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, e nos termos nela expresados.

3. Nos supostos en que a pensión de xubilación compatible co traballo prevista no artigo 214 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social concorra con calquera outra pensión pública, unha vez determinado o importe da referida pensión de xubilación,

limitada, se for o caso conforme o previsto no artigo 3.5, aplicaranse as normas xerais previstas para os supostos de concorrencia de pensións.

*Sección 2.<sup>a</sup> Revalorización aplicable a pensións do sistema da Seguridade Social*

*Subsección 1.<sup>a</sup> Normas xerais*

*Artigo 10. Revalorización das pensións concorrentes do sistema da Seguridade Social.*

1. As pensións concorrentes do sistema da Seguridade Social revalorizaranse aplicando a cada unha delas o previsto no artigo 3.1, sen que a suma das pensións concorrentes, unha vez revalorizadas, poida ser superior á contía indicada no número 2 do dito artigo.

2. Se, como consecuencia da aplicación do importe do tope máximo a que se refire o artigo 3.2, houberse que minorar a contía do incremento que se asigne en concepto de revalorización, o exceso que deba absorberse distribuirase proporcionalmente entre as contías que correspondesen a cada unha das pensións de non existir o referido tope.

3. Cando concorran pensións revalorizables e non revalorizables do sistema da Seguridade Social, cuxa suma de importes en 2020 ascenda a 2.683,34 euros mensuais, recalcularanse, desde o seu recoñecemento inicial, as revalorizacións teóricas das pensións revalorizables para garantir, se for o caso, o límite máximo establecido no artigo 3.2.

*Artigo 11. Revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social concorrentes con outras pensións públicas.*

Cando unha persoa teña recoñecidas unha ou varias pensións do sistema da Seguridade Social, en concorrencia cunha ou máis pensións das mencionadas no artigo 9, a revalorización das pensións da Seguridade Social efectuarase conforme o disposto nos números seguintes:

1. Se a suma das pensións concorrentes non alcanza o límite máximo de 2.707,49 euros mensuais, o importe da revalorización da pensión ou pensións da Seguridade Social determinarase con aplicación do disposto no artigo anterior.

Non obstante, non se terán en conta, para efectos da revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social, os complementos de pensión outorgados ás persoas traballadoras, en virtude de convenio colectivo ou regulamento interior, que, como consecuencia de reestruturación do cadro de persoal ou causa similar, anticipen a idade de xubilación e obteñan a pensión con aplicación do coeficiente reductor da porcentaxe daquela. Isto sen prexuízo de que se teñan en conta para efectos da aplicación do límite máximo de 2.707,49 euros mensuais.

Cando a pensión allea ao sistema da Seguridade Social, en virtude da súa normativa específica, non experimentase revalorización, a pensión da Seguridade Social incrementarase na porcentaxe sinalada no artigo 3.1.

2. Se a suma das pensións públicas percibidas pola persoa titular, unha vez revalorizadas, alcanza o límite máximo sinalado no artigo 3.2, aplicaranse as regras seguintes:

Primeira. Cando todas as pensións públicas percibidas por persoa titular sexan revalorizables, terase en conta o seguinte:

a) Determinarase un límite máximo anual para o importe dos pagamentos que deban facerse en relación coa pensión da Seguridade Social. Este límite consistirá nunha cifra que garde coa contía de 37.904,86 euros anuais íntegros a mesma proporción que a pensión da Seguridade Social garda en relación co conxunto de todas as pensións concorrentes que correspondan á mesma persoa titular.



O dito límite «L» obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$L = \frac{P}{T} \times 37.904,86 \text{ euros anuais}$$

onde «P» é o valor íntegro teórico anual alcanzado en 31 de decembro de 2020 da pensión a cargo da Seguridade Social, e «T» o resultado de engadir á cifra anterior o valor íntegro, en termos anuais, das restantes pensións concorrentes da mesma persoa titular.

b) Obtido o dito límite, a Seguridade Social só aboará en concepto de revalorización da pensión ao seu cargo as cantidades debidas en canto non excedan aquel. Noutro caso, deberá proceder á absorción do exceso sobre o dito límite, en proporción á contía de cada unha das pensións concorrentes e á do exceso habido na pensión da Seguridade Social.

Segunda. Cando as pensións alleas ao sistema da Seguridade Social, en virtude da súa normativa específica, non sexan revalorizables, a pensión da Seguridade Social incrementarase na porcentaxe sinalada no artigo 3.1 ou, na súa falta, na cantidade necesaria para que o importe conxunto de todas as pensións percibidas polo ou pola titular, unha vez revalorizadas as da Seguridade Social, non supere o límite máximo que se sinala no artigo 3.2, aplicando, se for o caso, o previsto no artigo 10.3.

3. Para os efectos de determinar o límite establecido no número 2, cando entre as pensións concorrentes coincidan dúas ou máis da Seguridade Social, consideraranse estas como unha soa pensión pola aplicación previa do disposto no número anterior.

4. Cando a suma das pensións concorrentes supere a cantidade de 37.904,86 euros, en cómputo anual, as da Seguridade Social non serán obxecto de revalorización.

5. Cando, con ocasión de recoñecementos iniciais, haxa que aplicar o límite máximo a que se refire este artigo, entenderase que as pensións concorrentes se causaron simultaneamente cando as contingencias que as ocasionan se producen na mesma data, con independencia do momento en que se diten as resolucións ou actos de recoñecemento e dos seus correspondentes efectos económicos.

#### Subsección 2.<sup>a</sup> Complementos por mínimos

Artigo 12. *Aplicación dos complementos por mínimos nos supostos de concorrencia de pensións.*

1. Nos supostos de concorrencia de pensións, a aplicación dos complementos por mínimos a que se refiren os artigos 5 a 7 levarase a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) Soamente se recoñecerá complemento por mínimos se a suma de todas as pensións concorrentes, unha vez revalorizadas as da Seguridade Social de acordo coa normativa que lles sexa de aplicación, resulta inferior ao mínimo que corresponda a aquela das do sistema da Seguridade Social que o teña sinalado en maior contía, en cómputo anual. O dito complemento consistirá na cantidade necesaria para alcanzar a referida contía mínima.

b) O complemento que corresponda de acordo co disposto no parágrafo anterior aplicarase á pensión concorrente determinante da citada contía mínima.

2. Para os únicos efectos de garantía de complementos por mínimos, equiparanse a ingresos ou rendementos de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

Para efectos de mínimos, as pensións públicas estranxeiras que estean a cargo de calquera dos réximes públicos de previsión social consideraranse concorrentes coas pensións españolas, salvo no caso de pensións con complementos por mínimos causados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, caso en que será de aplicación o previsto no artigo 14.4.

As cantidades a tanto global e os pagamentos periódicos aboados, con carácter compensatorio, ás e aos pensionistas españois, ao abeiro do Acordo celebrado entre España e o Reino Unido, o 18 de setembro de 2006, non se computarán para ningún efecto para o recoñecemento dos complementos para alcanzar a contía mínima das pensións.

*Sección 3.<sup>a</sup> Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez*

*Artigo 13. Revalorización das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez en concorrencia con outras pensións.*

1. Non se revalorizarán as pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez que concorran con calquera outra pensión das mencionadas no artigo 9, excepto coas prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, coa pensión percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que fose a lexislación reguladora, co subsidio de axuda por terceira persoa a que se refire a disposición transitoria única do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e coas pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

2. Non obstante o disposto no número anterior, cando a suma de todas as pensións concorrentes, unha vez revalorizadas, e as do citado seguro obrigatorio de vellez e invalidez, calculada unha e outra en cómputo anual, sexa inferior a 6.183,80 euros, a pensión do mencionado seguro revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante. Esta diferenza non ten carácter consolidable, e será absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións da persoa interesada, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

3. Con independencia do establecido nos números precedentes, o importe das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez tomarase en conta para os únicos efectos da suma das pensións concorrentes a que se refire o artigo 10.1.

4. Nos supostos de concorrencia de pensións de vellez ou invalidez do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez, o importe daquelas pensións será de 6.001,80 euros, en cómputo anual, sen prexuízo da aplicación do límite establecido na disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. No caso de superarse o dito límite, o aludido importe minorarase na contía necesaria para non superalo.

Non obstante o anterior, nestes supostos de concorrencia, se as persoas interesadas tivesen recoñecidos importes superiores con anterioridade ao 1 de setembro de 2005, aplicaranse as normas xerais sobre revalorización contidas nos números anteriores, sempre que, por efecto destas normas, a suma das contías das pensións concorrentes siga sendo superior ao límite mencionado no parágrafo anterior.

#### CAPÍTULO IV

##### **Pensións recoñecidas en aplicación de normas internacionais**

*Artigo 14. Revalorización das pensións recoñecidas en aplicación de normas internacionais.*

1. A revalorización de pensións que fosen recoñecidas en virtude de normas internacionais das cales estea a cargo da Seguridade Social un tanto por cento da súa contía teórica levarase a cabo aplicando o dito tanto por cento ao incremento que correspondese de estar a cargo da Seguridade Social española o cen por cento da citada pensión.

No importe da contía teórica a que se refire o parágrafo anterior non se considerará incluído o complemento por mínimos que, se for o caso, poida corresponder, salvo que se dispoña outra cousa nun convenio bilateral ou multilateral.

O límite máximo previsto no artigo 3 aplicarase á pensión teórica.

2. Á pensión rateada, unha vez revalorizada conforme o disposto no número anterior, engadiráselle, cando proceda en aplicación das normas xerais establecidas, o complemento por mínimos que corresponda. O dito complemento calcularase aplicando a porcentaxe tida en conta no número 1 á diferenza que exista entre a contía que correspondese de estar a cargo da Seguridade Social española o cen por cento da pensión e o mínimo que poida corresponder por aplicación das normas xerais.

3. Se, despois de aplicar o disposto no número anterior, a suma dos importes das pensións, recoñecidas ao abeiro dun convenio bilateral ou multilateral de Seguridade Social, tanto pola lexislación española como pola estranxeira, é inferior ao importe mínimo da pensión de que se trate, vixente en cada momento en España, garantiráselle á persoa beneficiaria, mentres resida en territorio nacional e reúna os requisitos exixidos para o efecto polas normas xerais, a diferenza entre a suma das pensións recoñecidas, española e estranxeira, e o referido importe mínimo.

Para as pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos da Unión Europea en materia de seguridade social, será de aplicación o previsto no artigo 50 do Regulamento (CEE) n.º 1408/1971 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social aos traballadores por conta allea, aos traballadores por conta propia e aos membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, e no artigo 58 do Regulamento (CE) n.º 883/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre a coordinación dos sistemas de seguridade social.

Para efectos da aplicación dos parágrafos anteriores, as contías fixas do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez terán a consideración de importes mínimos.

4. Para a aplicación do establecido nos artigos 5 a 7, para os únicos efectos das pensións con complementos por mínimos causados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021, as prestacións percibidas con cargo a unha entidade estranxeira serán consideradas ingresos ou rendementos de traballo, salvo para a aplicación do número 3 ou que nun convenio bilateral ou multilateral se dispoña outra cousa.

5. Para calcular o complemento que, se for o caso, haxa que recoñecer á persoa beneficiaria o importe da pensión estranxeira considerarase en euros. O tipo de cambio que se aplicará será o establecido para o 1 de xaneiro de 2021 ou para a data que corresponda en función daquela en que se cause o dereito ao citado complemento durante 2021. A fixación do dito cambio farase de acordo coas disposicións ditadas para a aplicación dos regulamentos comunitarios e dos convenios bilaterais ou multilaterais.

6. Para as pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013, o importe da suma dos complementos recoñecidos conforme os números 2 e 3 non poderá superar os límites cuantitativos que correspondan segundo o establecido nos números 6 a 8 do artigo 6, e o número 4 do artigo 7.

## CAPÍTULO V

### Normas de aplicación

#### Sección 1.<sup>a</sup> *Financiamiento*

##### Artigo 15. *Financiamiento da revalorización das pensións.*

1. A revalorización das pensións establecida neste título financiarase con cargo aos recursos xerais do sistema da Seguridade Social, de acordo coas dotacións orzamentarias correspondentes.

2. As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social participarán no custo da revalorización, incluídos os complementos por mínimos, das pensións de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, mediante as achegas que fixe o Ministerio de

Inclusión, Seguridade Social e Migracións, de acordo co establecido no artigo 76 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, e normas concordantes.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Xestión*

#### *Artigo 16. Recoñecemento do dereito á revalorización.*

1. O Instituto Nacional da Seguridade Social e o Instituto Social da Mariña, no ámbito das súas respectivas competencias, procederán, de oficio, ao recoñecemento do dereito á revalorización establecida nos artigos anteriores.

Así mesmo, os actos de recoñecemento da revalorización de pensión ditados pola entidade correspondente, en aplicación deste real decreto, poderán ser rectificadas de oficio nos casos de erros materiais ou de feito ou cando se constaten omisións ou inexactitudes nas declaracións da persoa beneficiaria. Para tal efecto seguiranse os procedementos e cos requisitos establecidos no ordenamento xurídico.

2. As entidades e organismos xestores a que se refire o artigo 9 virán obrigados a facilitar cantos datos se consideren precisos para poder efectuar a revalorización e, en especial, deberán especificar se as prestacións por eles outorgadas son ou non revalorizables, de acordo coa normativa aplicable a estas, ou se están constituídas polos complementos a que se refire o artigo 11.1, parágrafo segundo, así como o número de pagas con que se percibe a pensión.

## TÍTULO II

### **Pensións non contributivas e outras prestacións da Seguridade Social**

#### *Artigo 17. Revalorización das pensións non contributivas e outras prestacións da Seguridade Social.*

1. Para o ano 2021, a contía das pensións de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, queda fixada en 5.639,20 euros íntegros anuais.

2. Para o ano 2021, terá un importe de 525,00 euros anuais o complemento de pensión establecido en favor da persoa pensionista que acredite fidedignamente carecer de vivenda en propiedade e ter, como residencia habitual, unha vivenda alugada ao ou á pensionista cuxo propietario ou propietaria non teña con el ou con ela relación de parentesco até terceiro grao nin sexa cónxuxe ou persoa coa que constituía unha unión estable e conviva con análoga relación de afectividade á conxugal. No caso de unidades familiares en que convivan varias persoas perceptoras de pensións non contributivas, só poderá percibir o complemento a persoa titular do contrato de alugamento ou, de ser varias, a primeira delas.

O recoñecemento deste complemento réxese polo disposto no Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o alugamento de vivenda a favor dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva, nos termos fixados no artigo 44.dous da Lei 11/2020, do 30 de decembro.

3. As prestacións de orfandade causadas por violencia contra a muller, previstas no terceiro parágrafo do artigo 224.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, experimentarán en 2021 un incremento igual ao que se aprobe para o salario mínimo interprofesional para o dito ano.

## TÍTULO III

**Pensións do réxime de clases pasivas do estado**

## CAPÍTULO I

**Normas xerais**

Artigo 18. *Revalorización das pensións de clases pasivas.*

As pensións aboadas por clases pasivas revalorizaranse nun 0,9 por cento respecto das contías que a estas lles correspondesen en 31 de decembro de 2020, salvo as reguladas no título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo, que se adaptarán aos importes que correspondan conforme a súa lexislación propia.

Artigo 19. *Pensións non revalorizables durante o ano 2021.*

Non obstante o disposto no artigo anterior, non experimentarán incremento ningún as seguintes pensións de clases pasivas:

a) Aquelas cuxo importe íntegro, sumado, se for o caso, ao importe íntegro mensual doutras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda 2.707,49 euros íntegros en cómputo mensual cando o dito titular teña dereito a percibir 14 mensualidades ao ano ou, noutro suposto, 37.904,86 euros en cómputo anual.

Para efectos do disposto neste título, enténdese por pensións públicas aquelas aboadas con cargo a calquera dos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 25.1.

b) As recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado e causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só perciba esta pensión por tal condición.

Artigo 20. *Regras para a revalorización das pensións de clases pasivas.*

A aplicación da revalorización establecida no artigo 18 axustarase ás seguintes regras:

a) A revalorización aplicarase ás pensións causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 sobre a contía mensual íntegra que percíbise ou lle correspondese percibir ao seu titular en 31 de decembro de 2020.

b) Para efectos do disposto no artigo 41 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, o importe da pensión ou do conxunto de pensións aboadas con cargo ao crédito de clases pasivas que perciba unha mesma persoa titular, unha vez aplicada a revalorización procedente a cada unha delas, estará limitado á cantidade de 37.904,86 euros íntegros anuais, e a dita cantidade comprende tanto o importe das mensualidades ordinarias como o das pagas extraordinarias que poidan corresponder.

Nas pensións de viuvez, os incrementos por fillos que poidan terse recoñecido ao abeiro da Lei 19/1974, do 27 de xuño, sobre mellora de clases pasivas, e da Lei 74/1980, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio de 1981, non se computarán, en ningún caso, para efectos da aplicación do límite máximo de percepción establecido no parágrafo anterior.

No suposto de que nunha mesma persoa titular concorran unha ou varias pensións de clases pasivas con outra ou outras pensións públicas, o valor da pensión ou conxunto de pensións de clases pasivas terá como límite unha cifra que garde coa de 37.904,86 euros íntegros anuais a mesma proporción que a dita pensión ou pensións teñan co conxunto total de pensións públicas que perciba o seu titular.

O dito límite «L» obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$L = \frac{P}{T} \times 37.904,86 \text{ euros anuais}$$

onde «P» é o valor íntegro teórico anual alcanzado en 31 de decembro de 2020 pola pensión ou pensións de clases pasivas, e «T» o resultado de engadir á cifra anterior o valor íntegro en termos anuais das outras pensións públicas en idéntico momento.

c) Establecido para cada suposto e conforme as regras anteriores o límite anual máximo dunha pensión, o dito límite dividirase entre o número de mensualidades ordinarias e pagas extraordinarias que, respecto da anualidade e conforme a lexislación aplicable, teñan dereito a percibir as persoas pensionistas, e a cifra resultante constituirá o importe mensual que percibirá o titular daquela pensión en cada mensualidade ordinaria e paga extraordinaria.

#### Artigo 21. *Procedemento para a revalorización.*

1. A revalorización das pensións de clases pasivas para 2021 practicarase de oficio a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

2. A dita revalorización levarase a cabo tendo en conta os datos que figuran respecto de cada titular de pensión en 31 de decembro de 2020.

3. A revalorización terá carácter provisional até que a Administración comprobe a procedencia da percepción da súa contía, en función das outras percepcións da persoa titular dunha pensión ou pensións e das normas en materia de concorrencia e incompatibilidade que resulten aplicables en cada caso.

Se da elevación a definitiva da revalorización anteriormente practicada se obtén a evidencia de que se percibiron cantidades en exceso, o ou a pensionista virá obrigado/a a reintegrar o indebidamente percibido. Sen prexuízo do anterior, no suposto de que a persoa interesada cometese na súa declaración falsidade ou omisión de datos, poderán serlle exixidas as correspondentes responsabilidades en que puidese incurrir.

## CAPÍTULO II

### Complementos por mínimos

#### Artigo 22. *Complementos económicos para as pensións de clases pasivas.*

1. Os complementos económicos regulados neste precepto, que se aboarán en doce mensualidades ordinarias e dúas extraordinarias, todas elas de igual contía, non serán en ningún caso consolidables e serán absorbibles por calquera futuro incremento que poidan experimentar as percepcións da persoa interesada, xa sexa por revalorización ou polo recoñecemento no seu favor de novas pensións públicas que dean lugar a concorrencia de pensións. Neste último suposto, a absorción do complemento por mínimos terá efectos desde o día primeiro do mes seguinte á data da resolución de recoñecemento da nova pensión.

2. De acordo coas previsións contidas no artigo 42 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, a aplicación dos complementos para mínimos nas pensións do réxime de clases pasivas axustarase ás seguintes regras:

a) Poderá complementarse aquela pensión do réxime de clases pasivas, calquera que fose a data en que se causou, que non alcance o mínimo correspondente que figura na columna A do cadro que se inclúe no número 3, sempre que se recoñecese ao abeiro da lexislación xeral na materia e que o seu titular non perciba durante 2021 rendementos do traballo, do capital ou de actividades económicas e ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para as ditas rendas no imposto sobre a renda das persoas

físicas, ou que, percibíndoos, non excedan 7.707,00 euros ao ano. Así mesmo, con respecto ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013, será necesario residir en territorio español.

Non obstante, se a persoa titular percibe ingresos polos conceptos indicados en contía superior á cifra sinalada no parágrafo anterior, terá dereito a un complemento por mínimos cando a suma en cómputo anual de tales ingresos e dos correspondentes á pensión xa revalorizada non supere o límite correspondente da columna B do referido cadro fixado para a clase de pensión de que se trate. Neste caso, o complemento para mínimos consistirá na diferenza entre ambos os importes, sempre que esta diferenza non determine para a persoa interesada unha percepción mensual conxunta de pensión e complemento por importe superior ao da contía mínima de pensión que corresponda en termos mensuais.

b) Nos supostos de concorrencia de pensións de clases pasivas con outras pensións públicas percibidas pola persoa beneficiaria, soamente se recoñecerá complemento por mínimos se a suma de todas as pensións concorrentes non alcanza o mínimo correspondente á columna A do cadro que se inclúe no número 3.

Para os únicos efectos de garantía de complementos para mínimos, equipararanse a rendas de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social, así como as pensións percibidas con cargo a unha entidade estranxeira, coa excepción establecida no artigo 26.3 relativa ao complemento de garantía das pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos da Unión Europea.

En caso de percibir unha mesma persoa beneficiaria varias pensións de clases pasivas, o complemento aplicarase, cando proceda, respecto daquela pensión que, en atención á súa natureza, teña asignado un importe maior na columna A do mencionado cadro.

c) No suposto de que se teña recoñecida unha parte proporcional da pensión de viuvez, o complemento para mínimos aplicable, se for o caso, serao na mesma proporción que se tivo en conta para o recoñecemento da pensión.

As pensións de viuvez causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013, cuxo importe sexa equivalente ao da pensión compensatoria que lle correspondeu no momento da separación ou divorcio, non poderán ser complementadas.

d) O complemento minorarase ou, se for o caso, suprimirase na contía necesaria para que a suma, en termos anuais, da pensión revalorizada, xunto con todos os rendementos do traballo, do capital ou de actividades económicas e ganancias patrimoniais, percibidos pola persoa beneficiaria, non supere o límite correspondente da columna B do cadro que figura a continuación.

Os rendementos do traballo, do capital ou de actividades económicas e ganancias patrimoniais tomaranse no valor percibido no ano 2020, e deberanse excluír as deixadas de percibir por motivo do feito causante das distintas pensións, así como aquelas que se probe que non deben ser percibidas no ano 2021.

Para o recoñecemento dos complementos para mínimos das pensións de clases pasivas, dos rendementos íntegros procedentes do traballo, de actividades económicas e de bens inmoables, percibidos polo ou pola pensionista e computados nos termos establecidos na lexislación fiscal, excluíranse os gastos deducibles de acordo coa lexislación fiscal.

e) Para as pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2013, o importe dos complementos para mínimos en ningún caso poderá superar a contía fixada para as pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva na Lei 11/2020, do 30 de decembro, establecida durante 2021 en 5.639,20 euros anuais.

3. Para efectos do disposto no número anterior teranse en conta as seguintes contías:

	A	B
	Pensión mínima mensual – Euros	Ingresos anuais máximos – Euros
Pensión de xubilación ou retiro cando existe cónxuxe a cargo da persoa titular.	851,00	19.621,00
Pensión de xubilación ou retiro sen cónxuxe: Unidade económica unipersoal.	689,70	17.362,80
Pensión de xubilación ou retiro con cónxuxe non a cargo.	654,60	16.871,40
Pensión de viuvez.	689,70	17.362,80
Pensión ou pensións en favor doutros familiares, onde «n» é o número de persoas beneficiarias da pensión ou pensións.	672,30/n	7.707,00 + 9.412,20/n

No suposto de pensión ou pensións en favor doutros familiares que sexan percibidas por varias persoas beneficiarias, a cifra resultante da columna A do cadro anterior non será inferior a 210,80 euros mensuais, respecto de cada unha daquelas persoas beneficiarias cuxos ingresos anuais non superen os que figuran na columna B. Non obstante, cando algunha das persoas beneficiarias sexa orfo/a discapacitado/a menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por cento, a contía mínima que se recoñecerá ao dito orfo/a será de 414,70 euros mensuais, sempre que cumpra o requisito de límite de ingresos citado.

Nas pensións de viuvez, os incrementos por fillos e fillas que poidan terse recoñecido ao abeiro da Lei 19/1974, do 27 de xuño, e da Lei 74/1980, do 29 de decembro, non se computarán para efectos da aplicación do mínimo establecido no cadro anterior.

Entenderase que existe cónxuxe a cargo da persoa titular cando aquel estea convivindo coa persoa pensionista e dependa economicamente dela. Presumirase a convivencia sempre que se conserve o vínculo matrimonial, sen prexuízo de que esta presunción poida destruírse de comprobar o contrario a Administración, e para os mesmos efectos entenderase que existe dependencia económica cando os ingresos do cónxuxe, por calquera concepto, non superen o salario mínimo interprofesional vixente.

#### Artigo 23. *Procedemento en materia de complementos económicos.*

1. Corresponde á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social recoñecer e determinar os complementos económicos que procedan, de acordo co establecido no artigo 22.

2. O procedemento iníciase por petición da persoa interesada mediante solicitude dirixida á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social.

3. Á vista dos datos consignados pola persoa solicitante do complemento económico e, se for o caso, da consulta informática ao Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, a citada dirección xeral ditará, sen máis trámites, a resolución que proceda, sen prexuízo de que esta sexa revisable de acordo co previsto no ordenamento xurídico.

Se a solicitude dos complementos económicos se formula, por vez primeira, durante o presente exercicio, os seus efectos económicos retrotraeranse, como máximo, ao 1 de xaneiro de 2021 ou á data de inicio da pensión, se esta for posterior.

Non obstante, se a solicitude de tal recoñecemento se efectúa con ocasión de exercer o dereito ao cobramento dunha pensión cuxo feito causante se produciu no exercicio anterior, os efectos económicos poderán ser os da data de inicio daquela, cunha



retroactividade máxima dun ano desde a solicitude e sempre que se reúnan os requisitos necesarios para a súa percepción.

4. Se, unha vez recoñecidos os complementos económicos, se comproba a existencia dalgunha contradición entre os datos declarados e a realidade, a persoa solicitante virá obrigada ao reintegro do indebidamente percibido, sen prexuízo da súa posible revisión en vía administrativa. Poderán deducirse ademais contra a persoa solicitante outras posibles responsabilidades en que puidese ter incorrido de acordo co ordenamento xurídico.

Para efectos da dita revisión, e de acordo co disposto no artigo 21.2 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, a persoa pensionista deberá facilitar á Administración a información que lle sexa formalmente requirida, e poderá suspenderse o pagamento do complemento en caso de incumprimento desta obrigaición.

5. A persoa perceptora dos complementos de pensión virá obrigada a pór en coñecemento da Administración, no momento de producirse, calquera variación na composición ou contía dos ingresos declarados na solicitude, así como calquera variación do seu estado civil ou da situación de dependencia económica do seu cónxuxe respecto do inicialmente declarado. O incumprimento desta obrigaición, se disto se segue a percepción indebida de cantidades, dará orixe ao reintegro destas.

*Artigo 24. Prohibición de concesión de complementos económicos en clases pasivas.*

1. No suposto de que unha persoa pensionista de clases pasivas teña dereito a percibir, conforme as normas contidas neste capítulo, un complemento económico e por ser beneficiaria, ademais, doutras pensións públicas aboadas con cargo a réximes públicos de previsión diferentes, teña, así mesmo, dereito a algún outro complemento, conforme o disposto nos artigos 42 e 43 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, non poderá percibir o complemento correspondente á pensión de clases pasivas salvo nos seguintes casos:

a) Cando as pensións dos distintos sistemas sexan da mesma natureza e o importe íntegro mensual da pensión de clases pasivas sexa de superior contía ao importe correspondente á outra pensión pública susceptible de ser complementada.

b) Cando as pensións que percibirá a persoa interesada sexan de distinta natureza e o importe mínimo mensual de pensión correspondente á de clases pasivas sexa de maior contía que o da outra pensión pública.

2. Nos dous supostos recollidos no número anterior non poderá tomarse en consideración o complemento económico a que poida ter dereito a persoa interesada pola pensión allea ao réxime de clases pasivas, para determinar o importe do complemento que polo dito réxime lle corresponda, conforme as regras do artigo 22.

### CAPÍTULO III

#### Concurrencia de pensións

*Artigo 25 Concurrencia de pensións.*

Para os efectos do establecido neste título, entenderase que existe concurrencia de pensións de acordo cos termos establecidos no artigo 9, coa excepción de que o disposto no seu número 3 debe entenderse referido aos supostos da pensión de xubilación ou retiro compatible co traballo prevista no artigo 33 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado.

## CAPÍTULO IV

**Pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos da Unión Europea sobre a coordinación dos sistemas de Seguridade Social ou doutras normas internacionais**

Artigo 26. *Revalorización das pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos da Unión Europea sobre a coordinación dos sistemas de Seguridade Social ou doutras normas internacionais.*

1. A revalorización das pensións recoñecidas ao abeiro dos regulamentos da Unión Europea ou en virtude de normas internacionais, das cales un tanto por cento da súa contía teórica estea a cargo do réxime de clases pasivas, levarase a cabo aplicando o dito tanto por cento ao incremento que correspondese de estar a cargo do citado réxime o cen por cento da pensión.

2. Á pensión rateada, unha vez actualizada de acordo co disposto no número anterior, engadiráselle, cando así proceda en aplicación das normas xerais establecidas, o complemento para mínimos que corresponda conforme as normas contidas no capítulo II deste título. O dito complemento calcularase aplicando a mesma porcentaxe que se tivo en conta para o recoñecemento da pensión á diferenza resultante entre a contía que correspondese de estar a cargo do réxime de clases pasivas o cen por cento da pensión e o mínimo establecido para a prestación de que se trate.

3. Se despois de aplicar o disposto no número anterior, a suma dos importes reais das pensións recoñecidas, tanto en virtude da lexislación española como estranxeira, é inferior ao mínimo que corresponda á pensión de que se trate, garantiráselle á persoa beneficiaria, mentres resida en territorio nacional, a diferenza necesaria até alcanzar o referido mínimo, de acordo coas normas xerais establecidas para a súa concesión.

4. Para proceder ao cálculo do complemento que, se for o caso, haxa que recoñecer á persoa beneficiaria, o importe da pensión estranxeira considerarase en euros. O tipo de cambio que se aplicará será o establecido para o 1 de xaneiro de 2021 ou para a data que corresponda en función daquela en que se cause o dereito ao citado complemento durante 2021. A fixación do dito cambio farase de acordo coas disposicións ditas para a aplicación dos regulamentos comunitarios e dos convenios bilaterais.

Disposición adicional primeira. *Revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.*

Para a revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social por incapacidade permanente ou morte e supervivencia, derivadas de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais, terase en conta o seguinte:

a) O importe anual da pensión dividirase por 14, e o cociente resultante considerarase como importe mensual da pensión, para efectos de aplicar a revalorización xeral a que se refire o artigo 3.

b) Para a determinación dos complementos por mínimos establecidos nos artigos 5 a 7, procederase na mesma forma indicada no parágrafo precedente, ben que partindo da pensión xa revalorizada conforme dispón este. Cando o cociente obtido sexa inferior á contía mínima establecida para as pensións da súa clase, a diferenza constituirá o complemento por mínimos.

c) O aumento que resulte da aplicación do disposto na letra a) e, se for o caso, na b) incrementarase ao importe de cada mensualidade da pensión, salvo as correspondentes a xuño e novembro, en que o dito incremento será dobre.

Disposición adicional segunda. *Aplicación dos complementos por mínimos nas pensións da Seguridade Social en supostos especiais.*

1. Os complementos por mínimos establecidos nos artigos 5 a 7 serán tamén de aplicación ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2021.

2. As contías fixas do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, a que se refire o artigo 8, son igualmente aplicables, de acordo co establecido nel, ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2021.

3. As persoas pensionistas que, o 31 de decembro de 2020, sexan menores de 60 ou 65 anos de idade pasarán a percibir, se for o caso, as contías establecidas, para as que teñan feita a dita idade, nos artigos mencionados nos números anteriores, a partir do día 1 do mes seguinte a aquel en que fagan os 60 ou 65 anos, respectivamente.

4. Naqueles réximes do sistema da Seguridade Social que teñan previstos coeficientes redutores da idade de xubilación, en función da actividade realizada, a idade de 65 anos, para efectos de determinación do dereito aos complementos por mínimos previstos neste real decreto, entenderase cumprida cando por aplicación dos ditos coeficientes resulte unha idade igual ou superior á de 65 anos, sempre que as persoas beneficiarias cumpran os demais requisitos exixidos.

Disposición adicional terceira. *Complementos para mínimos e actualización doutras pensións de clases pasivas.*

1. Para o ano 2021 aplicaranse os complementos económicos regulados no capítulo II do título III ás pensións de orfandade recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, de recoñecemento de dereitos e servizos prestados a aqueles que durante a Guerra Civil formaron parte das Forzas Armadas, Forzas de Orde Pública e Corpo de Carabineiros da República, así como ás recoñecidas a favor das persoas orfas non incapacitadas maiores de 21 anos, causadas por persoal non funcionario ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, sobre recoñecemento de pensións, asistencia médico-farmacéutica e asistencia social en favor das viúvas, e demais familiares dos españois falecidos como consecuencia ou con ocasión da pasada Guerra Civil, e da Lei 35/1980, do 26 de xuño, sobre pensións aos mutilados excombatentes da zona republicana, e a aquelas outras causadas polo persoal das minas de Almadén.

2. As pensións en favor de familiares concedidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, e da Lei 35/1980, do 26 de xuño, con excepción das pensións de orfandade a que se refire o número anterior, así como da Lei 6/1982, do 29 de marzo, de pensións aos mutilados civís de guerra, e as pensións de viuvez do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, calquera que sexa a súa data inicial de aboamento, non poderán ser inferiores no ano 2021 ao importe establecido, para o citado exercicio económico, como contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez de titulares maiores de sesenta e cinco anos.

Así mesmo, o importe das pensións recoñecidas en propio favor ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, non poderán ser inferiores á contía mínima das pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Disposición adicional cuarta. *Actualización de importes de determinadas pensións de clases pasivas.*

Para o cálculo das pensións de xubilación ou retiro e de viuvez do réxime de clases pasivas do Estado, que se causen durante 2021 ao abeiro da lexislación vixente en 31 de decembro de 1984, a contía inicial que corresponda corríxirase mediante a aplicación da porcentaxe do 1 e 2 por cento, segundo proceda, en aplicación do establecido na disposición adicional quinta da Lei 61/2003, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2004, na disposición adicional sexta da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, e na disposición adicional décima das leis 42/2006, do 28 de decembro, e 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para os anos 2007 e 2008, respectivamente. Para tal efecto, computarase a mellora por fillo ou filla a cargo que poida corresponder nas pensións de viuvez por aplicación das leis 19/1974, do 27 de xuño, e 74/1980, do 29 de decembro.

Disposición adicional quinta. *Revalorización das pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.*

As pensións extraordinarias do sistema da Seguridade Social e do réxime de clases pasivas do Estado orixinadas por actos de terrorismo serán revalorizadas nos mesmos termos e condicións que os previstos no capítulo II do título I e no capítulo I do título III, respectivamente, e non estarán suxeitas, en ningún caso e de conformidade co previsto no artigo 40.un.a), parágrafo segundo, da Lei 11/2020, do 30 de decembro, aos límites previstos con carácter xeral. Así mesmo, tampouco se computarán os importes das ditas pensións, para os efectos da aplicación dos mencionados límites nos supostos de concorrencia, nunha mesma persoa titular, doutras pensións públicas.

Disposición adicional sexta. *Prestacións familiares da Seguridade Social.*

Conforme o disposto na disposición adicional cuadraxésimo primeira da Lei 11/2020, do 30 de decembro, a partir do 1 de xaneiro de 2021 a contía das prestacións familiares da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, así como o importe do límite de ingresos para o acceso a estas, regulados no capítulo I do título VI do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, serán os seguintes:

a) A contía da asignación económica establecida no artigo 353.1, no suposto de fillo ou filla menor de dezaioito anos de idade ou de menor a cargo afectado/a por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento, será en cómputo anual de 1.000,00 euros.

A contía da asignación económica establecida no artigo 353.1, no suposto de fillo ou filla maior de dezaioito anos a cargo cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento, será en cómputo anual de 4.790,40 euros.

b) A contía da asignación económica establecida no artigo 353.2 para o suposto de fillo ou filla a cargo maior de dezaioito anos, cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75 por cento e que, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite o concurso doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos, será en cómputo anual de 7.185,60 euros.

c) A contía da prestación por nacemento ou adopción de fillo ou filla establecida no artigo 358.1, en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais ou pais con discapacidade, será de 1.000,00 euros.

Os límites de ingresos para ter dereito a esta prestación, de conformidade co previsto no artigo 357.3, quedan fixados en 12.536,00 euros anuais e, se se trata de familias numerosas, en 18.867,00 euros anuais, e incrementaranse en 3.056,00 euros anuais por cada filla ou fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

Non se recoñecerá a prestación nos supostos en que a diferenza a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 358.2 sexa inferior a 10,00 euros.

d) A contía da asignación económica e o límite de ingresos anuais para as persoas beneficiarias que, de conformidade coa disposición transitoria sétima do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital, manteñan ou recuperen o dereito á asignación económica por cada fillo ou filla menor de dezaioito anos ou menor a cargo sen discapacidade ou con discapacidade inferior ao 33 por cento, será no seu cómputo anual:

1.º Contía da asignación económica: 341,00 euros/ano.

2.º Os límites de ingresos para percibir a asignación económica quedan fixados en 12.536,00 euros anuais e, se se trata de familias numerosas, en 18.867,00 euros anuais, e incrementaranse en 3.056,00 euros anuais por cada filla ou fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

Non obstante, a contía da asignación económica será en cómputo anual de 588,00 euros nos casos en que os ingresos familiares sexan inferiores aos importes sinalados na seguinte táboa:

Integrantes do fogar		Intervalo de ingresos	Asignación íntegra anual
Persoas >=14 anos (M)	Persoas <14 anos (N)		
1	1	4.766 ou menos	588 x F
1	2	5.865 ou menos	588 x F
1	3	6.965 ou menos	588 x F
2	1	6.598 ou menos	588 x F
2	2	7.698 ou menos	588 x F
2	3	8.797 ou menos	588 x F
3	1	8.431 ou menos	588 x F
3	2	9.531 ou menos	588 x F
3	3	10.629 ou menos	588 x F
M	N	3.666 + [(3.666 x 0,5 x (M-1)) + (3.666 x 0,3 x N)] ou menos	588 x F

F = Fillos a cargo do beneficiario menores de 18.

N = Número de menores de 14 anos no fogar.

M = Número de persoas de 14 ou máis anos no fogar.

Disposición adicional sétima. *Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte.*

A partir do 1 de xaneiro de 2021, o subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte, a que se refire o artigo 8.1.b) do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, queda fixado en 68,80 euros/mes.

Disposición adicional oitava. *Actualización das axudas sociais do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, polo que se conceden axudas aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) como consecuencia de actuacións realizadas no sistema sanitario público.*

De acordo co establecido na disposición adicional cuadraxésimo quinta da Lei 11/2020, do 30 de decembro, as contías mensuais das axudas sociais, en favor das persoas que resultaron contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), reguladas nas letras b), c) e d) do artigo 2.1 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, determinaranse mediante a aplicación das proporcións reguladas nas letras citadas sobre o importe de 645,08 euros.

Disposición adicional novena. *Adaptación de oficio dos complementos para mínimos das pensións de clases pasivas.*

1. As pensións de clases pasivas ás cales se aplicaron complementos económicos durante o ano 2020 adaptaranse de oficio, e con carácter provisional, con efectos do 1 de xaneiro de 2021, ás contías establecidas no artigo 22; presúmese que os seus titulares reúnen as condicións e requisitos exixidos no dito precepto, até que os servizos administrativos correspondentes comprobén a concorrencia das ditas condicións e requisitos.

2. Se da comprobación antes citada se deduce a ausencia dalgún requisito ou condición, procederá o cesamento inmediato no aboamento do complemento, con reintegro do indebidamente percibido por tal concepto. Igualmente, se da dita comprobación deriva a necesidade de modificar a contía do complemento, practicarase a oportuna modificación, con reintegro do indebidamente percibido.

De acordo co establecido no artigo 23.4, procederá retrotraer o reintegro do indebidamente percibido á data inicial en que o complemento económico comezou a aboarse en exercicios anteriores, até un máximo de catro anos, se da comprobación efectuada resulta a evidencia de que a persoa perceptora daquel cometeu algunha omisión ou falsidade na declaración presentada no momento de solicitar a aplicación do complemento, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese ter incorrido.

Disposición adicional décima. *Ampliación do prazo para acreditación de vivencia de pensionistas de clases pasivas residentes no estranxeiro en 2021.*

Con aplicación exclusiva para o ano 2021, o prazo previsto no artigo 10 do Real decreto 1103/2014, do 26 de decembro, sobre revalorización e complementos de pensións para o ano 2015 e outras normas en materia de clases pasivas, para a acreditación da vivencia polas persoas pensionistas de clases pasivas residentes no estranxeiro, finalizará o 30 de xuño de 2021.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para dítar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos económicos desde o día 1 de xaneiro de 2021.

Dado en Madrid o 26 de xaneiro de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións,  
JOSÉ LUIS ESCRIVÁ BELMONTE

## ANEXO

## Sistema da Seguridade Social

Cadro de contías mínimas das pensións da modalidade contributiva para o ano 2021

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
<i>Xubilación</i>			
Titular con sesenta e cinco anos.	11.914,00	9.655,80	9.164,40
Titular menor de sesenta e cinco anos.	11.170,60	9.034,20	8.538,60
Titular con sesenta e cinco anos procedente de grande invalidez.	17.871,00	14.484,40	13.746,60
<i>Incapacidade permanente</i>			
Grande invalidez.	17.871,00	14.484,40	13.746,60
Absoluta.	11.914,00	9.655,80	9.164,40
Total: titular con sesenta e cinco anos.	11.914,00	9.655,80	9.164,40
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos.	11.170,60	9.034,20	8.538,60
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos.	7.119,00	7.119,00	7.056,00
Parcial do réxime de accidentes de traballo: titular con sesenta e cinco anos.	11.914,00	9.655,80	9.164,40
<i>Viuvez</i>			
Titular con cargas familiares.	–	11.170,60	–
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100.	–	9.655,80	–
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos.	–	9.034,20	–
Titular con menos de sesenta anos.	–	7.315,00	–

Clase de pensión	Euros/ano
<i>Orfandade</i>	
Por beneficiario.	2.951,20
Por beneficiario menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100.	5.805,80
Na orfandade absoluta o mínimo incrementárase en 7.315,00 euros/ano distribuídos, se for o caso, entre os beneficiarios.	

Clase de pensión	Euros/ano
<i>Prestación de orfandade</i>	
Un beneficiario.	8.820,00
Varios beneficiarios: para repartir entre o número de beneficiarios.	14.868,00
<i>En favor de familiares</i>	
Por beneficiario.	2.951,20
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
Un só beneficiario con sesenta e cinco anos.	7.131,60
Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos.	6.721,40
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementárase no importe que resulte de ratear 4.363,80 euros/ano entre o número de beneficiarios.	